

Asunto: Listaxe proxectos seleccionados 2ª fase

Procedemento: IN855A Programa Ignicia proba de concepto

O artigo 16 da Resolución do 9 de abril de 2025 pola que se establecen as condicións xerais do Programa IGNICIA proba de concepto e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (DOG nº 80, do 28 de abril de 2025) regúlase o procedemento e criterios de selección da fase de avaliación establecendo que a avaliación dos proxectos presentados efectuarase en dúas etapas sucesivas, tendo a primeira das mesmas carácter excluínte, de xeito tal que o paso á segunda avaliación, requirirá a superación satisfactoria da primeira.

Na primeira avaliación e preselección comprobouse a adecuación dos proxectos que se presentaron aos obxectivos do Programa IGNICIA proba de concepto, así como os restantes requisitos considerados mínimos para poder optar ao financiamento. De acordo co informe elaborado na sesión do 1 de xullo de 2025 polo Comité de Investimentos, esta fase foi superada por 25 proxectos.

Na segunda fase realizouse unha avaliación exhaustiva e en detalle de cada un dos proxectos que superou satisfactoriamente a primeira avaliación, tanto de aspectos técnicos, como de viabilidade económica e comercial. Para esta avaliación contouse coa colaboración do persoal experto de Oxentia, Ltd. referente a nivel mundial no ámbito da transferencia de tecnoloxía. Esta segunda avaliación inclúe a emisión dun informe de avaliación en termos de protección, propiedade e maduración tecnolóxica, que será remitido de xeito individual a cada entidade solicitante.

Segundo se indica no artigo 16 da convocatoria, á vista destes informes, o Comité de Investimentos realizará a selección definitiva daqueles proxectos que pasarán ao proceso de elaboración do plan de desenvolvemento e comercialización para a súa proposta á fase de investimento, entendéndose como tales aqueles que acaden unha puntuación mínima de 70 puntos.

En virtude do anterior, o Comité de Investimentos previsto no artigo 15 da convocatoria, en reunión de data 17 de setembro de 2025, acordou que os proxectos seleccionados para pasar ao proceso de elaboración do plan de desenvolvemento e comercialización para a súa proposta á fase de investimento son (por orde de expediente):





Nº expediente	Entidade	Acrónimo
005_IN855A_2025	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	ZinCAGE
007_IN855A_2025	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	siRNA
011_IN855A_2025	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	NANO-ARN
029_IN855A_2025	UNIVERSIDADE DE VIGO	IAQIA3
030_IN855A_2025	UNIVERSIDADE DE VIGO	SENPAD
032_IN855A_2025	UNIVERSIDADE DA CORUÑA	ORALREGENERIX
035_IN855A_2025	ASOCIACION DE INVESTIGACION METALURGICA DEL NOROESTE	L3DO
038_IN855A_2025	ASOCIACION DE INVESTIGACION METALURGICA DEL NOROESTE	COLOSUS
043_IN855A_2025	FUNDACION CENTRO TECNOLÓGICO DE TELECOMUNICACION DE GALICIA	QRYPTION

Estamos á vosa disposición para resolver calquera dubida ou aclaración sobre o programa nos teléfonos 981 541 076 e 981 541 079, no enderezo electrónico servizos.gain@xunta.gal, ou mesmo presencialmente na Axencia Galega de Innovación, rúa Airas Nunes s/n (CNTG), en Santiago de Compostela.

A xefa do Departamento de Servizos

Tania Regueiro Esporas

(Documento datado e asinado dixitalmente na marxe)

